# Concello de Mondariz

**Expediente núm.: 924/2020**
**Resolución con número e data establecidos á marxe**
**Procedemento: Contratacións**
**Interesado: __________**
**Data de iniciación: 20/10/2020**

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación e dos seguintes antecedentes:

- En data 14 de agosto de 2020 foi asinado convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Mondariz para a realización de determinadas actuacións de mellora das infraestructuras turísticas neste Municipio. Este convenio ten por obxecto a realización das seguintes actuacións: "Proxecto sendeiro da Fraga de Aboal".

- En data 16 de outubro de 2020 se asina convenio de colaboracion entre o Concello de Mondariz e comunidade de montes veciñais en man común de Toutón, para o cofinanciamento do proxecto sendeiro da fraga de aboal, a través do que se formaliza a doazón de 10.496,02 € acordada pola Comunidade de Montes Veciñais en man Común (CMVMC) de Toutón en asamblea extraordinaria celebrada o 4 de outubro de 2020 e destinada ó cofinanciamento do proxecto sendeiro da Fraga de Aboal.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Proxecto Sendeiro da Fraga de Aboal | | | |
| Procedemento: aberto | Tramitacion: urxente | Tipo de contrato: mixto (suministro) | |
| Clasificacion CPV: 34928470 | Acepta renovación: Non | Revisión de prezos / fórmula: Non | Acepta variantes: Non |
| Orzamento base de licitación (sin IVE): 24.784,00 € | Impostos:5.204,64 € | Total: 29.988,64 € | |
| Valor estimado do contrato: 24.784,00 euros | | | |
| prazo execución: **antes do día 14/11/2020. (**)** | **(**)**Polo feito de estar a contratación financiada con cargo á subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galiza e ter que estar debidamente xustificada antes do 15/11/2020. | | |
| garantía provisional: Non | Garantía definitiva: 5% | Garantía complementaria: Non | |

Á vista do expediente de contratación tramitado:

| Documento | Data/Núm. | Observacións |
|---|---|---|
| Memoria xustificativa | 21/10/2020 | |
| Informe de Secretaría | 22/10/2020 | |
| Informe de Intervención | 22/10/2020 | |
| Resolución de inicio | 22/10/2020 | |
| Prego prescricións técnicas | 21/10/2020 | |

C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com

Xosé Emilio Barros Bello (1 para 2)
Alcalde de Mondariz
Data de Sinatura: 22/10/2020
HASH: b06f0c1b10295290d3b3e3dadea354e7

Yolanda Ortega Otero (2 para 2)
Secretaria-Interventora
Data de Sinatura: 22/10/2020
HASH: 476381b39824be7bd31864ca562227db

Cod. Validación: A73AXNEQKACAXP7E7F7KLSFGP | Corrección: https://mondariz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

| | | |
|---|---|---|
| Prego de cláusulas administrativas | 22/10/2020 | |
| Informe de fiscalización previa | 22/10/2020 | |

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación urxente para a execución do contrato mixto de “Sendeiro da Fraga de Aboal” seguindo as normas de aplicación ós contratos de suministro, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO.** Aprobar o gasto correspondente por importe de 20.988,64 € e con cargo á aplicación orzamentaria **432 62501**

A presente contratación conta coa participación da Axencia de Turismo de Galicia con cargo ásubvención concedida mediante convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo deGalicia e o Concello de Mondariz para a realización de determinadas actuacións de melloradas infraestructuras turísticas neste Municipio por importe 19.492,62 € e que supoñen ofinanciamento do 65 % do importe total do investimento.

Así mesmo contan coa participación da CMVMC de Toutón, que financia o 35 % do investimento cunha axuda de 10.496,02 €.

**TERCEIRO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e o prego de Prescricións Técnicas (memoria valorada) que rexerán o contrato.

**CUARTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**QUINTO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

**SEXTO.** Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

| | |
|---|---|
| **Presidente** | Dº Diego Lugilde López. Funcionario do Concello de Mondariz |
| **Vogais** | Dª Yolanda Ortega Otero. Secretaria-Interventora do Concello de Mondariz.<br>Dº José Javier Delgado Fernández. Técnico de Contabilidade.<br>Dª Mª Eugenia Rubianes González. Funcionaria do Concello de Mondariz. |
| **Secretario** | Dº María del Carmen Blanco Fernández. Funcionaria do Concello de Mondariz. |



Cod. Validación: A73AXNEQKACAXP7E7F7KLSFGP | Corrección: https://mondariz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2